

Miércoles, 3 abril 2013

VII Premio de Narrativa Breve REPSOL

Enviar por
email

Me gusta

0

Twitter

0

0

Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocan o VII Premio de Narrativa Breve REPSOL...



Onte pola mañá asinou o acordo entre Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e convocatoria da sétima edición do Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega, creado no 2006 pola Refinería de Repsol na Coruña.

O acto tivo lugar na sé da Consellería, onde asinaron o acordo Xesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e César Galo Erena, Vicepresidente da Fundación Repsol. Estiveron acompañados polo

Director da Refinería de Repsol na Coruña, Luís F. Chamas Gómez e o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez.

O Vicepresidente da Fundación Repsol incidiu no compromiso da Compañía e a súa Fundación con Galicia, onde desenvolve a súa actividade desde fai case 50 anos, "e na que vimos apoiando distintas iniciativas de ámbito cultural, que teñen a súa máxima expresión neste Premio de Narrativa Breve Repsol". O Vicepresidente anunciou que nesta edición ampliase a súa dotación económica a 12.000 euros, co que se espera continuar impulsando e reforzando a creación literaria en lingua galega, asentado firmemente na base do impulso conxunto empresarial e institucional.

Pola súa banda o Conselleiro salientou a importancia deste certame "que contribúe a impulsar a literatura de calidade na nosa lingua, e que xa é peza importante do sistema literario galego", e enmarcou nas actuacións que a Consellería desenvolve para estender o uso do galego a todos os ámbitos da vida. "É necesario agradecer o compromiso da Fundación Repsol, que con este premio demostra comprender á perfección a necesidade de que as empresas instaladas en Galicia se integren plenamente na sociedade desta terra e contribúan ao seu crecemento", dixo.

O Premio

A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, excepto a persoa ganadora da edición anterior, cunha novela curta escrita en lingua galega, conforme á normativa establecida pola Real Academia Galega.

O xurado, estará conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritores en Lingua Galega, e un da Editorial Galaxia. Os cinco membros darán a coñecer, en setembro o nome da obra e o autor ganador/a, que recibirá 12.000 euros e será editada a súa obra ganadora pola editorial Galaxia.

O Premio Breve Repsol foi creado no ano 2006 pola Refinería e vertebrado de forma conxunta coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia co obxectivo de fomentar a cultura e a lingua galegas. No 2010, a Fundación Repsol toma a substitución da Refinería no impulso do Premio, que desde o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritores en Lingua galega, así como coa estreita colaboración da Editorial Galaxia, que editou as anteriores obras ganadoras.

Na primeira edición, en 2006, o xomalista Miguel Sande fíxose con este galardón pola súa obra Si algún día esta muller morta e Xavier Lama, profesor da USC e xomalista, conseguiu un accésit por Ou insomnio dous centauros. A ganadora da segunda edición foi a obra Así nacen as baleas, da escritora Anxos Sumai. Na terceira edición, en 2008, o narrador, dramaturgo e debuxante humorístico Xosé Luís Martínez Pereiro obtivo o galardón polo traballo A verdade como mal menor. Na edición 2010 o premio foi para o escritor galego, Xurxo Sierra nacido en Caracas, pola súa obra Vos Fíos. Microbios e outros Paquidermos de Fernando Díaz-Castroverde gañou a edición de 2011 e o ano pasado foi para a obra A forma das nubes, de María López Sandez.